



## Concello de Sarria

### PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POLO CONCELLO DE SARRIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CATEGORÍA PROFESIONAL DE OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES DO CONCELLO DE SARRIA.

#### 1.- CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.

Na Casa do Concello de Sarria, sendo as 10:00 horas do día 5 de marzo de 2020, quedou constituído o tribunal cualificador encargado de avaliar as probas selectivas de referencia, todo elo de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria que foron aprobadas por resolución da alcaldía nº 2020-0042, de data 23 de xaneiro de 2020.

O tribunal quedou constituído polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

**José Luís Armesto Castro**, persoal laboral fixo do Concello de Sarria.

VOGAIS TITULARES:

**José Ángel López folgueiras**, persoal laboral fixo do Concello de Sarria.

**Patricia Díaz de Freijo Resco**, persoal laboral fixo do Concello de Sarria.

**Fernando López Fortes**, persoal laboral fixo do Concello de Sarria.

SECRETARIO:

**Rodrigo Arias Iglesias**, funcionario do Concello de Sarria, que actuará con voz pero sen voto.

#### 2.- PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN: CONVOCATORIA DE EXAME.

O tribunal acordou convocar ao tódolos participantes no proceso selectivo para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, acto que terá lugar o próximo mércres, 11 de marzo de 2020, ás 11:00 horas, no salón de actos da Casa da Cultura de Sarria, sito na rúa Marqués de Ugena, s/n.

O exercicio consistira en realizar por escrito, nun tempo máximo de 45 minutos, un exame tipo test con 20 preguntas sobre as materias comprendidas no temario establecido no ANEXO I das bases da convocatoria. Cada pregunta terá catro alternativas de resposta, das cales só unha será a correcta. As respostas erradas non terán ningún tipo de penalización.

Para o desenvolvemento deste primeiro exercicio da fase de oposición, acordouse habilitar un sistema de control numérico, que se establece mediante a asignación de números e follas de control a tódolos aspirantes, e que ten como finalidade lograr que a avaliación dos exames se leve a cabo sen coñecer as identidades dos opositores.

O exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento equivalente.

O que se fai público en Sarria, no día da data.

O secretario,

(documento asinado dixitalmente á marxe)

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 4N7WZENTHEEEYNT3ZFHMKFX | Corrección: https://sarría.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1